

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DERIVADAS DA CONVOCATORIA DE DIVERSOS PREMIOS DO SAN FROILÁN 2021.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 17-2021, por un importe total de 2.300,00 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2021, para dar cobertura ás obrigas derivadas da convocatoria de diversos premios do San Froilán 2021, segundo se pon de manifesto na providencia do Xefe de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, don Xosé Manuel Cao Rei, de data 06/05/2021, coa conformidade da responsable da área xestora, dona Tareixa A. Ferreiro Tallón.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2021/785 de data 14/05/2021, así como RCMOD Ref.: 35586/2021, por importe de 2.300,00 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 2.300,00 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIA S QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>
33801.22609	213380101	2.300,00 €	33801.48101	213380101	2.300,00 €
				1	
TOTAL CRÉDITO CEDIDO		2.300,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		2.300,00 €

INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac3404705582956218035.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 17-2021 Premios S. Froilán

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.